

A arte vístese de conciencia: o proxecto **PATA DE ELEFANTE** une teatro, educación e sustentabilidade

- **Elefante Elegante** leva teatro e creatividade ás aulas e pecha o proxecto de mediación **PATA DE ELEFANTE** con dúas funcións en Culleredo
- **Elefante Elegante** levará a cabo unha sesión de mediación o día 9 de outubro co alumnado de 4º de Socioloxía da UDC a través do grupo de innovación docente **ACHEGA**, este xoves 9 de Outubro.
- **PATA DE ELEFANTE** é un proxecto transversal que reúne teatro, reflexión e creatividade no ámbito educativo.
- O proceso de mediación, que recibiu un premio do *Fondo de Apoio a Proxectos Singulares da Deputación da Coruña* culminará con dúas representacións do seu novo espectáculo **ALTA COSTURA** o vindeiro martes 14 de outubro no Ed. De Servizos Múltiples de O Burgo (Culleredo).

AXENDA DESTACADA

- **Xoves 9 de outubro de 2025** — Sesión de mediación co alumnado de 4.º da Facultade de Socioloxía da UDC (Salón de Actos). Actividade organizada a través do grupo de innovación docente **ACHEGA**.
- **Martes 14 de outubro de 2025** — Dúas funcións de **ALTA COSTURA**, ás 11h00 e ás 19h15, no Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples (O Burgo, Culleredo). As funcións serán destinadas ao alumnado que participou nas sesións nos centros e rematarán cun encontro co equipo artístico.

Culleredo, 8 de outubro de 2025 — **PATA DE ELEFANTE**, proxecto transversal da compañía **Elefante Elegante** que articula teatro, reflexión e creatividade no ámbito educativo, desenvolve esta semana a súa última sesión de mediación na Facultade de Socioloxía da UDC e culmina cunha dobre representación do espectáculo **ALTA COSTURA** en Culleredo.

O programa, que recibiu o apoio do **Fondo de Apoio a Proxectos Singulares para a Mellora Social 2025** da **Deputación da Coruña** e conta coa colaboración do **Concello de Culleredo**, pechouse tras un ano de intervencións creativas en centros educativos da área metropolitana da Coruña. A través de intervencións creativas coa técnica do *collage* que se levaron a cabo ao longo do ano en diversos centros

educativos, establecéronse vínculos entre educación, arte e consumo reflexionando sobre a industria textil e as súas implicacións sociais e mediomambientais.



Sesións de mediación no CEIP Curros Enríquez e no IES Carral | © Elefante Elegante




Recollida en formato dixital-interactivo dos *collage* feitos nos IES Eduardo Blanco Amor

Enlace: <https://view.genially.com/679e7b7c31f708a6faa563ce/interactive-content-collages-alta-costura>

A última das sesións de mediación terá lugar este xoves 9 de outubro no Salón de Actos da Facultade de Socioloxía da Coruña co alumnado de 4º. O equipo artístico da compañía Elefante Elegante levará a cabo xunto co profesor Jose A. Cortés, docente da asignatura **Globalización, medio ambiente e poboación** e Carlos Diz, Vicedecano da Facultade Socioloxía e docente da asignatura **Acción colectiva e cooperación Social**, unha intensa e variada sesión con actividades que van desde

a posta en común do proceso de investigación do percurso dunha prenda desde que se fabrica ata que se desbota, ata un xogo de rol con diferentes personaxes implicados na industria textil e tamén unha instalación artística. Todo cunha reflexión de fondo: **a arte como compañeira de viaxe na investigación.**



Preparación da sesión de mediación na Facultade de Socioloxía da UDC

Posteriormente, o martes 14 de outubro terán lugar no Auditorio do Edificio de servizos Múltiples dúas **representacións de ALTA COSTURA** ás que **asistirá o alumnado que ten participado nas diferentes sesións nos centro educativos.**



Coloquio post-función de ALTA COSTURA e foto do espectáculo 'Alta Costura', de Elefante Elegante | © Vanessa Rábade

Estas representacións, acompañadas dun encontro co equipo artístico no final do espectáculo culminan un traballo que se desenvolveu ao longo de 2025 con seis centros educativos da area metropolitana da Coruña implicados:

IES Eduardo Blanco Amor, Culleredo

IES Carral, Carral

IES Agra do Orzán, A Coruña

CEIP Curros Enríquez, A Coruña

IES David Buján, Cambre

Facultade de Socioloxía da UDC, a través do grupo de innovación docente ACHEGA, A Coruña



Foto do espectáculo 'Alta Costura', de Elefante Elegante | © Vanessa Rábade

PATA DE ELEFANTE

A compañía de teatro físico **Elefante Elegante** aborda o fenómeno da industria “fast fashion” coa súa última creación, **Alta Costura**. Esta nova peza dos creadores María Torres e Gonçalo Guerreiro é unha obra de linguaxe xestual irónica e poética sobre a moda e a súa estreita relación co consumo. O proxecto PATA DE ELEFANTE ten a súa xénese na vontade da compañía de estreitar a súa relación co público – unha “pata” esencial para este Elefante que aínda que non leva pantalóns acampanados está moi interesado en investigar a potencialidade do rol das e dos consumidores no contexto actual de emerxencia climática. O premio concedido pola Deputación da Coruña reconece o labor da compañía na creación de públicos e na sensibilización no poder da arte para transformar a sociedade.

A peza, baixo a dirección escénica de Gonçalo Guerreiro, está protagonizada por Sofía Espiñeira, Raquel Crespo, Pablo Sánchez e María Torres, a partir dun texto escrito por Tiago Alves Costa.

Posteriormente ás representacións deste martes 14 realizaremos sendos coloquios con elenco artístico ao completo e o estudantado e que serán o último evento deste proxecto.

O Concello de Culleredo é colaborador co proxecto PATA DE ELEFANTE e coprodutor do espectáculo ALTA COSTURA, que conta, tamén, coa colaboración do Concello das Pontes, cunha subvención da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) da Xunta de Galicia e que ten solicitada unha axuda ao Impacto Social do Ministerio de Cultura a través do INAEM. Se esta axuda tivese unha resolución positiva este proxecto continuaría a súa andaina xa fora de Galicia, na cidade de Madrid, na próxima primavera.

**Con *Alta Costura*, unha peza de linguaxe xestual sobre
a industria ‘fast fashion’, Elefante Elegante convida a reflexionar
sobre o consumo de roupa actual**

SOBRE O ESPECTÁCULO

Alta Costura é un espectáculo irónico e poético sobre a moda e a súa estreita relación co consumo, o recoñecemento social, a contaminación, a saúde e as condicións laborais. A peza dá unha especial importancia aos mecanismos de venda e á relación contemporánea que o gran público ten co acto de mercar e de tirar roupa. Trátase dunha creación de teatro de movemento que se detén detalladamente na industria “fast fashion”: a lóxica do mercado, as emocións vencelladas á necesidade de adquirir máis roupa e a rapidez con que os produtos son desvalorizados e se transforman en residuos altamente contaminantes.

Segundo datos recollidos en greenpeace.org, do libro *La moda justa*, de Marta Riezu (Anagrama, 2021) e do traballo divulgativo de Nicolas Olea, catedrático de Radioloxía e Medicina Física da Universidade de Granada, hoxe en día, consumimos un 60% máis de roupa que hai 10 anos. A roupa que se deposita para reciclar, a que se dona e a que se devolve, remata, na maior parte das veces, en praias e desertos convertidos en vertedoiros en África e América Latina. Unha camiseta require 2.700 litros de auga para súa produción, a mesma que un humano bebe en 2 anos e medio. Existen 3.500 produtos químicos rexistrados para a produción téxtil. Destes, 750 son altamente perigosos para a saúde.

A partir desta investigación, o traballo de Elefante Elegante aséntase nunha filosofía ecoloxista e defende os principios básicos de liberdade, igualdade e

solidariedade, a partir dun xogo alegre no que a risa brota do sarcasmo, do impulso e da emoción do acto creativo relativo á realidade social e política na que hoxe vivimos. A compañía busca un teatro que non se acomode á psicoloxía nin ás ideas, senón que se converta nunha diversión brillante semellante ao cinema de Charles Chaplin ou Buster Keaton.

Alta Costura é unha creación de teatro visual que propón unha reflexión sobre as consecuencias trágicas do fenómeno “fast fashion” a través dun espectáculo onde os *performers*, mediante a súa creatividade, usan o corpo como acróbatas e achéganse ás palabras como músicos que dominan o tempo, as pausas e o ritmo que esixe o feito de falar en escena. Elefante Elegante continúa a súa busca manifesta da estética con esta nova creación. A escenografía e o *atrezzo* teñen a dobre misión de articular o movemento físico e organizar o espazo escénico. As cores e as formas gañan protagonismo para potenciar a evocación simbólica da peza.

O público xeral da Coruña xa pode apuntar nas súas axendas a data do 30 de outubro de 2026, día en que o espectáculo se presentará no centro Ágora para o público herculino.

SOBRE A COMPAÑÍA

Elefante Elegante nace do desexo de desenvolver unha linguaxe plástica, poética e universal que non dependa exclusivamente do texto e que permita indagar sobre temáticas de carácter social e existencial. As súas creacións xorden do diálogo do teatro físico coa danza, a música e as artes visuais. Os espectáculos de Elefante Elegante están baseados na relación do corpo co espazo e reflicten unha rigorosa investigación de xestos, movementos e imaxes.

O xogo teatral baséase no traballo plástico dos intérpretes e na súa constante interacción cos elementos escenográficos. A narrativa das accións físicas varía entre a abstracción do movemento bailado e a construción da trama teatral. O corpo contén en si mesmo todos os segredos e revelacións dunha posta en escena que se fundamenta na organicidade do dispositivo escénico e na dinámica pictórica da organización do espazo sonoro e literario.

A compañía foi fundada por María Torres e Gonçalo Guerreiro no 2000 e residiu os primeiros anos en Bélxica, ata instalarse en Galicia no 2007. O grupo comezou como un proxecto experimental do que facían parte actrices e actores de diferentes países europeos. En escena, cada intérprete falaba a súa propia lingua. Ese foi o motor para iniciar a súa práctica arredor do xogo corporal. Actualmente, Elefante Elegante ten a súa sede no concello de Culleredo (A Coruña), onde é compañía residente. Os seus espectáculos foron recoñecidos con varios premios María Casares desde o ano 2013, sendo o máis recente o recibido en 2024 pola mellor dirección de movemento da obra *Un hotel de primeira sobre o río*, do Centro Dramático Galego.

MEDIACIÓN CON ALUMNADO UNIVERSITARIO

Xoves 9 de outubro de 9h a 13horas

Salón de Actos da Facultade de Socioloxía, Elviña, A Coruña.

FUNCIÓNS (pechadas para alumnado) DE 'ALTA COSTURA', DE ELEFANTE ELEGANTE

Martes 14 de outubro, 11h e 19.15horas

Auditorio do edificio de Servizos Múltiples de O Burgo, Culleredo.

CONTACTO DE PRENSA

Comunicación Elefante Elegante

Laura Duarte | Tel. 622 826 454

comunicacion@elefanteelegante.net

CONTACTOS EQUIPO

María Torres – Codirectora Elefante Elegante e responsable das mediacións | Tel. 606 257 239 | maria@elefanteelegante.net

Carlos Diz – Vicedecano e docente do grupo Achega de Innovación Docente da Facultade de Socioloxía da UDC | Tel. 650 748 456 | carlos.diz@udc.es

DESCARGA KIT DE PRENSA 'ALTA COSTURA'

[- Escaleta mediación UDC](#)

[- Collages realizados nos centros educativos](#)

[- Imaxes mediacións](#) [- Dossier Pata de Elefante](#)

[- Dossier Alta Costura](#)

[- Imaxes en alta espectáculo](#)

MÁIS INFORMACIÓN

www.elefanteelegante.net